

## RÉPTILES

# Un documental nas Illas Atlánticas, premiado por 'The Scientist'

17.09.2010

EFE . COMPOSTELA

Un documental elaborado polo grupo 'Divulgar' da Universidade de Vigo, sobre a importancia dos réptiles no Parque Nacional das Illas Atlánticas, foi galardoado co premio do público da revista especializada 'The Scientist'.

O vídeo, de 3 minutos de duración, divulga un estudo sobre o labor dos réptiles como vectores de dispersión de sementes a distancia da planta nai e a súa función na configuración da paisaxe vexetal dos sistemas insulares, informou nunha nota o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM).

As investigacións do proxecto desenvolvéronse ó longo de tres anos baixo a dirección do profesor Luis Navarro, da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo, que contou coa colaboración do grupo 'Divulgar' desta institución académica e do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

O xurado da revista 'The Scientist' non só recoñeceu a elevada calidade científica do proxecto, senón que ademais premiou a orixinalidade, a calidade da produción e, sobre todo, a súa capacidade divulgativa, segundo a nota do MARM.

O documental, que xa fose seleccionado para a fase final nos Festivais Internacionais de Cine Científico de Rolda e Bangkok, competiu con outros nove traballos elaborados por National Geographic, a Universidade de Glamorgan, o Energy Joint Genome Institute ou o instituto de investigación do acuario de Monterrey.